

PROPOSTA DE TRABALLO PARA ESTA SEMANA (23 AO 27 DE MARZO)

ETAPA: Educación Infantil

RECOMENDACIÓNS:

Aquí especificamos unha serie de actividades que vos poden servir de guía durante estes días que hai que permanecer na casa. Son actividades que podedes organizar e adaptar ás vosas posibilidades de material, tempo, etc.

ACTIVIDADES:

- ESCOITAMOS A NARRACIÓN DO CONTO “CHIBOS CHIBÓNS”

Aquí vos vai unha grabación (só audio) deste conto que tanto nos gusta.

https://youtu.be/y6gr_2asSy4

Despois de escoitar o conto podemos:

- Identificar as personaxes e que expliquen o que lles ocorre no conto, o que fan, como se sentirían, etc.
- Podemos ver o conto na internet con debuxos.
- Buscar en internet fotos de chibos e que identifiquen as partes do corpo . Por exemplo se eleximos esta foto:



1. Que eles sós digan que partes ten este chibo.
 2. Despois que as toquen no debuxo, digan o nome e as conten (2 cornos, dous ollos, unha chiba, dúas orellas, unha boca, un nariz..)
 3. Despois buscamos un debuxo dun chibo de corpo enteiro. E facemos o mesmo (patas, barriga, cola)
 4. Despois podemos facer o **debuxo** dun chibo. Podemos empezar nós os adultos. Na aula póñolle unha foto do animal que queremos debuxar na pizarra e eles vánme decindo as partes e eu vou debuxando e eles “oriéntanme”. Encántalle! E despois unha vez que o fago eu, collen un folio e debuxano eles.
- Despois de escoitalo podemos montar o escenario para representalo. Se non se pode imprimir o que se pode facer é con animais de xoguete ou de plastilina, etc. Isto dá pé a realizar marionetas, facer manualidades, etc. Poden representalo os adultos e despois os nenos e nenas.



- Inventar outras maneiras de pasar a ponte, inventar outros finais, etc.

- Clasificar os animais de xoguete en pequenos, medianos e grandes. Se non temos este recurso, poden ser os coches ou outros xoguetes ou cousas que teñades pola casa.



- Comprobar cales podemos usar para conxelalos. E metelos nun recipiente apto para realizalo e encher de auga e despois mételo no conxelador. Que pasará?



- Unha vez conxelados, temos que rescatalos. Temos que axudalos! Así que con xeringas, cucharas ou que teñades pola casa a rescatar todos os animais. Ánimo!
- Aprendemos a canción dos 3 chibos e ao do ogro.
- Identificamos os animais pola súa silueta. Mando dous enlaces que podedes ver no móbil, na Tablet ou ordenador.

<https://www.youtube.com/watch?v=Vtl-DnB9Fc0> (animais da granja)



<https://www.youtube.com/watch?v=8YIEaUsDT7c> (animais salvaxes)


- Xogamos a onomatopeias escoitando sons e despois xogamos a adivinalos. Aquí vos mando uns enlaces para practicar.

<https://youtu.be/Vtl-DnB9Fc0>

https://youtu.be/1KYbmGkn_Zw

- Contamos os chibos e representamos o número 3 cos dedos, con obxectos que teñamos pola casa, facer grupos de 3 cousas, etc.
- PUZZLE: na última páxina deste documento puxen un puzle dos chibos e que podedes repasar nun folio cun rotulador se non tedes impresora e que os peques poden colorear, recortar e despois formar o puzle noutro folio.
- Axúdamoslle ao chibo a chegar á herba? Facer o camiño co dedo. Non fai falta imprimilo. Podemos facer nós tamén diferentes laberintos con construcións, legos, etc.





Por último un bico para todos e todas e podemos enviar fotiños co que fagades, que estaremos encantados de velo e compartir estes momentos.